

## **Cento vinte anos de bibliografía rosaliana: aspectos senlleiros**

**Andrés Pociña**

### **Formas de citación recomendadas**

#### **1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

POCIÑA, ANDRÉS (2012 [1986]). “Cento vinte anos de bibliografía rosaliana: aspectos senlleiros”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 97-106. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1729>>.

#### **2 | Por referencia á publicación orixinal**

POCIÑA, ANDRÉS (1986). “Cento vinte anos de bibliografía rosaliana: aspectos senlleiros”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 97-106.

\* Edición dispoñíbel desde o 16 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## CENTO VINTE ANOS DE BIBLIOGRAFÍA ROSALIANA: ASPECTOS SENLLEIROS

ANDRÉS POCIÑA

Universidade de Granada

Adoitase dicir a miúdo que un dos problemas máis graves con que se topan de cotío os estudiosos de Rosalía de Castro é o da información bibliográfica, suscitada pola abundancia, variedade, espallamento, etc., de edicións, antoloxías, monografías, artigos científicos, artigos xornalísticos, ensaios literarios adicados á vida e á obra da esgrevia escritora. As moreas de dificultades que acarrexan a recolleita dunha bibliografía axeitada, polo que supón de perda de tempo, dispendio económico, mesmo desespero ó non poder acadar traballos de título suxestivo, arrastran de continuo unha triple consecuencia nefasta: en primeiro lugar, a de facer desistir moitas veces ós estudiosos de se achegaren a aspectos puntuais da investigación tocante a Rosalía que puidesen ser proveitosos, pero que o seu carácter particular fai pensar que non compensa o esforzo bibliográfico que esixen. En segundo posto, a publicación, frecuente de abondo, de artigos de toda clase, mesmo en revistas científicas, de traballos con un apoio bibliográfico incompleto, deficiente, por veces totalmente inexistente. No último lugar, e se cadra este é o aspecto máis deplorable, a repetición unha e mil veces de consideracións sobre a obra de Rosalía, que a miúdo supoñen un verdadeiro esforzo de parte do investigador, pero infrutuoso na realidade, amén do apuro en que se acha máis dunha vez ó percatarse, demasiado tarde por desgracia, de que tal tema xa tiña sido estudado e publicado.

Pode darse que a un observador galego, que se adique ós estudos filolóxicos precisamente en Galicia, lle resulte menos problemática esta dificultade que presentamos, por ter á man os fondos bibliográficos de institucións como a Universidade de Compostela, o Instituto da Lingua Galega, a Real Academia Galega, a Casa Museo de Rosalía, as bibliotecas das Deputacións, a do Museo de Pontevedra, a da Fundación Penzol, etc. Non obstante, estudos e traballos rosalianos publícanse na actualidade en revistas e xornais de tódalas latitudes, non só do Estado español, senón do estranxeiro. Fóra de Galicia, a dificultade de obter unha bibliografía mínima para traballar nesta temática multiplícase deica o infinito.

A este problema quixemos facerlle fronte un pequeno grupo de filólogos, curiosamente todos latinistas de oficio, composto polo Dr. Ramón Baltar (Univ. de Santiago), a Dra. Aurora López (Univ. de Granada), e quen ten a honra de lles falar. A tal fin, dende hai tempo vimos preparando un volumoso libro, que leva camiño de superar con creces o milleiro de páxinas, co título *Rosalía de Castro. Do-*

*cumentación biográfica e bibliográfica crítica (1837-1984)*. Voume permitir facer unha rápida síntese deste proxecto, xa que unha das finalidades que moven a miña exposición é a de require-la colaboración dos insignes investigadores de Rosalía de Castro que temos congregados aquí co gallo do Centenario.

O libro terá dúas partes: a I, *Documentación biográfica (1837-1885)*, procurará recoller ano por ano, mes tras mes, ás veces día a día, os datos biográficos coñecidos sobre a escritora e as súas circunstancias vitais. Irán dispostos en sucesión cronolóxica, enteiramente precisa sempre que se poida, sen someter ós datos a interpretación de ningunha clase, visto que a nosa tarefa arela ser absolutamente ancilar: queremos axudar ós demais a traballar para un mellor coñecemento de Rosalía. Deste modo, por poñer soamente un exemplo, os días deste centenario que estamos a celebrar, aparecerán deste modo (ata agora provisional e incompleto):

- 15-VII-1885 Acta de deceso (copiada literalmente)
- 16-VII-1885 Acta de enterro.
- 20-VII-1885 Noticia do pasamento no xornal *El Imparcial* (Madrid)
- 30-VII-1885 Noticia do pasamento no xornal *La Ilustración Española y Americana*.
- 8-VIII-1885 Noticia do pasamento en carta de don Gumersindo Laverde a don Marcelino Menéndez y Pelayo.
- 2-IX-1885 Seran para honrar a memoria de Rosalía de Castro, celebrado polo Liceo de Artesanos da Coruña, cun discurso presidencial por dona Emilia Pardo Bazán, titulado *La poesía regional gallega*, publicado tres anos despois no libro *De mi tierra* (1888).

Na parte II, *Bibliografía rosaliana (1857-1984)*, tomando como punto de partida a edición en Madrid de *La flor* (1857) e de chegada este ano do Centenario, proxectamos abranxer, ano por ano, tódalas publicacións, sexan edicións de obras de Rosalía, ou estudos a elas adicados. A disposición do material, en cada un dos cento trinta e sete anos que comprende, faise nestes apartados: 1) Edicións e as súas reseñas; 2) Traducións e as súas reseñas; 3) Estudos xerais. 4) Estudos biográficos; 5) Estudos literarios; 6) Estudos lingüísticos; 7) Críticas, opinións; 8) Rosalía como tema literario; 9) Varios. Noticias.

Cómpre sinalar que dos libros ofrécese o índice completo no caso do teren, ou un resumo do contido no contrario; dos artigos faise sempre unha síntese, sucinta, pero suficiente para que o lector poida ter unha idea cabal do seu contido, e saber polo tanto se pode resultarlle indispensable a consulta, en caso de ter dificultade para atopalo.

Este é, pois, o proxecto rosaliano que nos ten ocupados, con un empeño grande e un gasto non pequeno, sen ningunha clase de axuda institucional polo momento, pero si con unha acollida e resposta moi favorables de parte dos investigadores de Rosalía, ós cales unha e outra vez vimos molestado para solicitarlles material difícil de acadar.

Xa dixen que a nosa tarefa ten a finalidade de ser por riba de todo auxiliar, ó servizo da investigación tocante á escritora. Nembargantes, de toda tarefa filolóxica apréndese algo. E do estado actual da nosa preparación deste libro, queremos escolmar algunhas consideracións xerais tocante ó tema da bibliografía rosaliana.

## I. Períodos do rosalianismo bibliográfico

O rosalianismo bibliográfico, que penso que é o reflexo máis certo e real do culto á figura de Rosalía, ten un desenvolvemento doado de artellar en períodos. Proponho eu os seguintes, sempre controvertibles, e que ó millor haberá que revisar cando a nosa bibliografía rosaliana chegue ó seu termo.

### 1. Período Pardo Bazán (1885-1900)

Neste intre, penso que a aportación bibliográfica máis importante pode se-lo discurso de Dona Emilia Pardo Bazán “La poesía regional gallega”, lido no Liceo de Artesanos da Coruña, o día 2 de setembro de 1885, e publicado despois no volume *De mi tierra* (1). E valioso tamén o capítulo “Rosalía Castro”, que á súa muller lle adica Manuel Murguía en *Los precursores* (2). Valía máis anecdótica teñen algunhas aparicións de Rosalía en artigos xornalísticos, ou a súa inclusión na curiosa *Historia de la mujer contemporánea*, como exemplo para feministas, con un capítulo de catro páxinas escrito por Antonio García Llansó (3).

### 2. Período Vales Failde (1900-1910)

Abranse unha xeira que, de desconta-la publicación de edicións da poetisa, couxa que eu vou facer sempre nesta exposición, así como algún traballo xornalístico, xira arredor do libro *Rosalía de Castro*, volume de 155 páxinas, publicado en 1906 en Madrid por Javier Vales Failde (4). Libro curioso, de crítica doada, atópase citado a miúdo, ás veces sen telo consultado, quizais por se tratar dun raro bibliográfico (5).

### 3. Período González Besada (1910-1920)

A segunda década deste século elle aplicable, polo que toca á bibliografía rosa-

---

(1) Tipografía de la Casa de Misericordia, La Coruña, 1888. Utilizamo-la edición de Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1984, pp. 11-49.

(2) Imprenta de “La Voz de Galicia”, Biblioteca Gallega, Coruña, 1886, pp. 171-200.

(3) *Historia de la mujer contemporánea*, por D. Antonio García Llansó, D. Ramón Pomés, La Baronesa de Wilson, D. Alfredo Opisso, Barcelona, 1899. Rosalía en pp. 111-114.

(4) Imp. de la Revista de Archivos, Madrid, 1906.

(5) A Biblioteca da Facultade de Filosofía y Letras de Granada posúe un volume, adicado polo Autor “Al ilustre gallego Gabino Bugallal”, coa signatura Est. LXXXVIII, Tabla 2, Núm. 14.

liana, o que veño de sinalar para o período anterior. Verdadeiramente significativo é o *Discurso lido diante da Real Academia Española* por Augusto González Besada, no seu ingreso na Institución o día 7 de maio de 1916 (6). Na publicación non leva título concreto, anque algunha vez témolo visto citado como “La mujer gallega y Rosalía de Castro”, cousa inconveniente de abondo, xa que González Besada chámalle a nosa escritora Rosalía Castro. Ese mesmo ano de 1916 publícase tamén co título *Rosalía Castro. Notas biográficas*, en volume s.a., na Biblioteca Hispania de Madrid. Este libro cítase ás veces de forma incorrecta polo que se refire ó subtítulo, o cal xa é dicir. Verbo da data non existe dúbida: eu manexéi un volume con firma autógrafa do autor, datada “Junio 24. 1916” (7).

#### 4. Período Nós (1920-1935)

Dámoslle este nome por xira-la cultura galega do intre arredor da meritorísima Revista *Nós*. Emporiso, hai que sinala-lo moi contado número de páxinas de *Nós* onde se atopa a esgrevia poetisa, só presente nun artigo de Villar Ponte (8), nunha nota de Cabada Vázquez (9), no “Cancioneiriño de Compostela” alí publicado por Filgueira Valverde (10), nunha nota de P.P.C. (11), noutra de Fernández del Riego a propósito do Rexurdimento (12), noutra de Carballo Calero, moi breve, titulada “Rosalía, Curros e Juan Ramón” (13), en fin, nunha síntese de Casas tocante á nova poesía galega (14). Pouquiña cousa, pois, xa que as páxinas rosalianas de *Nós* non chegan ás dúas ducias. O cal non quere dicir, penso eu, que a figura de Rosalía non interesase ós homes de *Nós*: de feito, de aló ven o máis grande estudioso de Rosalía, don Ricardo Carballo Calero, así como ese outro notable rosaliano que é don Xosé Filgueira Valverde.

De tódolos modos, o mellor que se escribe nestes quince anos tocante a Rosalía non aparece na Revista *Nós*. É posible que sexa o artigo “Rosalía Castro de Murguía”, publicado por Augusto Cortina na revista arxentina *Humanidades* (15), que máis tarde, con lixeiras modificacións, había ir á cabeza da antoloxía de Rosalía da Col. Austral.

(6) Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Excmo. Sr. D. Augusto González Besada el día 7 de mayo de 1916, Imprenta Clásica Española, Madrid, 1916, 90 pp. Contén o Discurso de González Besada, e máis a “Contestación del Señor D. Jacinto Octavio Picón”.

(7) Volume da Facultade de Filosofía y Letras de Granada, Est. CIII, Tabla 1, Núm. 25.

(8) “Da paisaxe e a pintura en Galiza”, *Nós* 4 (1921), pp. 3-10.

(9) “No día de Galicia”, *Nós* 91 (1931), p. 119.

(10) *Nós* 103 (1932), pp. 113-136; Rosalía de Castro nas pp. 127-131; a escola de Rosalía, nas pp. 131-133.

(11) “En sufraxio de Rosalía e Brañas”, *Nós* 104 (1932), p. 126.

(12) “Índice cultural e artístico do Renacemento galego”, *Nós* 117 (1933), pp. 184-188; Rosalía na p. 186.

(13) *Nós* 136 (1935), p. 76.

(14) “Esquema da nova poesía galega”, *Nós* 139-144 (1935), pp. 115-124.

(15) *Humanidades* (Univ. Nacional de la Plata) 21 (1930), pp. 161-194.

### 5. O paréntese da Guerra Civil (1936-1943)

Rosalía, ¿como non?, tamén morre coa Guerra Civil e os comezos da Dictadura de Franco. América leva entón o facho do rosalianismo, coas antoloxías de Griswold Morley (Berkeley, 1937), Emilia Bernal (Santiago de Chile, 1938), Blanco Amor (Buenos Aires, 1939), Augusto Cortina (Austral, Buenos Aires, 1942). Estudos tamén os hai, poucos, de fóra: a suliña-lo de McClelland no *Bulletin of Spanish Studies* (16), un traballo pioneiro, en inglés, que merecería que algunha vez fose citado de forma correcta, ó menos o nome do seu autor.

### 6. Período Cuadernos de Estudios Gallegos (1945-1951)

O nacemento da Revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* vai ser fundamental de cara á investigación seria, científica, verbo de Rosalía. Nos primeiros anos, que poderíamos definir como época dos “escritos no colecciónados de Rosalía”, subseguintes á aparición da primeira edición de Aguilar de 1944, publícanse os traballos de Sánchen Cantón (17), os moitos de Bouza-Brey (18), os de Fraguas Fraguas (19), de Taibo García (20), de Cordero Carrete (21), de Varela Jácome (22), etc., marcando unha pauta de atención a Rosalía que perdurará para sempre na Revista. A preocupación constante dun fato de eminentes galeguistas pola figura da poetisa pon de moda, por fortuna xa para non ter fin, os estudos rosalianos. Rosalía convértese en tema de alta erudición científica, dando pé ás teses de doutorado, feitas mesmo fóra de Galicia, das que é unha boa mostra para este período a presentada na Universidade de Madrid

---

(16) I.L. McClelland, “Bécquer, Rubén Darío and Rosalía Castro”, *Bulletin of Spanish Studies* 16 (1939), pp. 63-83.

(17) “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (I)”, *CEG* 1 (1944-1945), pp. 125-131; “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (II)”, *CEG* 1 (1944-1945), pp. 287-293; “Un autógrafa de Rosalía”, *CEG* 4 (1949), pp. 123-126.

(18) “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (III)”, *CEG* 1 (1944-1945), pp. 469-471; “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (IV)”, *CEG* 1 (1944-1945), pp. 659-661; “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (V)”, *CEG* 2 (1946-1947), pp. 113-126; “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (VI)”, *CEG* 2 (1946-1947), pp. 279-294; “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (VIII)”, *CEG* 2 (1946-1947), pp. 705-707; “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (IX)”, *CEG* 3 (1948), pp. 125-127; “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (X)”, *CEG* 3 (1948), pp. 307-310; “Cartas de Rosalía Castro a D. Angel Baltar”, *CEG* 4 (1949), pp. 433-438; “Poesía de Ponalda a Rosalía enferma”, *CEG* 5 (1950), pp. 144-145; “Poesía gallega inédita de Marcial Valladares a Rosalía de Castro”, *CEG* 6 (1951), pp. 275-277. Seguen outros en datas posteriores.

(19) “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (VII)”, *CEG* 2 (1946-1947), pp. 474-478.

(20) “Escritos no colecciónados de Rosalía Castro (XI)”, *CEG* 3 (1948), pp. 393-399.

(21) “Variantes en un poema de Rosalía”, *CEG* 5 (1950), pp. 241-245.

(22) “Referencias inéditas a Rosalía Castro”, *CEG* 5 (1950), pp. 423-424; “Emilia Pardo Bazán, Rosalía Castro y Murguía”, *CEG* 6 (1951), pp. 405-429; “Un romance de Rosalía, dedicado al Apóstol Santiago”, *CEG* 7 (1952), pp. 407-409.

pola monxa americana Mary Pierre Tirrell (23). Por certo, e a modo de anécdota: a primeira vez que don Joaquín de Entrambasaguas escribe no prólogo do libro o nome da mercedaria, pon o apelido con un erro gráfico, Tirrel, con un só -l; dende entón, e a pesar de que na cabeceira de tódalas páxinas pares do libro aparece Tirrell, rara é a bibliografía que a cita correctamente. Cómpre ter máis coidado cos rosalianos estranxeiros, e polo menos citarlles ben o nome.

Sería moi inxusto se non lembrase o gran papel, maiormente de difusión sería, máis tamén de aportación científica, que tivo neste intre o xornal *La Noche* de Santiago de Compostela, cunha morea de traballos de tema rosaliano na súa edición diaria, pero principalmente no seu "Suplemento del Sábado" (24).

### 7. Xeralización da investigación rosaliana (1952-1984)

Dende 1952, ano en que se publica o importantísimo volume colectivo *Siete ensayos sobre Rosalía* (25), xa non é doado establecer períodos definidos: a investigación rosaliana tense xeralizado, non só en importantes Revistas nacionais e máis estranxeiras, senón tamén en libros de alto mérito. Soamente para pór un exemplo, no ano 1966 Rosalía atópase nun artigo de *Asomante* (26), un de *Cuadernos de Estudios Gallegos* (27), un de *Estudios* (28), tres de *Grial* (29), un da revista *Hispania* de Wallingford (30), un da *Revista de Literatura* (31), etc.

(23) *La mística de la saudade. Estudio de la poesía de Rosalía de Castro*. Prólogo de Joaquín de Entrambasaguas, Ediciones Jura, Madrid, 1951, XII + 373 pp.

(24) Moi abundantes, a partir de 1946; por exemplo, os traballos de P. Delgado Capeáns, "Retablo de la muerte. Rosalía de Castro", *LN* 28-IX-1946, p. 3; Enrique Iglesias Vilouta, "Rosalía y Bastabales", *LN* 25-V-1949, p. 4; Salvador Lorenzana (seud. de Francisco Fernández del Riego), "Rosalía de Castro, poetisa del dolor y del paisaje", *LN* 20-II-1946, p. 5 e p. 2; Fernando Cadaval (seud. de Ricardo Carballo Calero), "El motivo del clavo en la literatura española. La influencia de Rosalía en Antonio y Manuel Machado", *LN* 12-XI-1949, p. 4; Fernando Cadaval, "Una línea poética: Rosalía, Rubén, Juan Ramón", *LN* 18-XII-1949, pp. 1-2; Enrique Chao Espina, "Agua y mar en los versos gallegos de Rosalía", *LN* 19-III-1949, pp. 4 e 3; Julio González Abraldes, "Rosalía Castro ante el mar: 'N'a frente unha estrela - n'o bico un cantar", *LN* 18-VIII-1949; Aquilino Iglesia Alvariño, "El Patronato 'Rosalía de Castro' en marcha... Transmisión a manos de Galicia del hogar humilde en que cantó y exhaló el postrer suspiro nuestra excelsa poetisa", *LN* 26-VII-1949; Carlos Martínez Barbeito, "Bécquer dejó sin pagar un artículo a Rosalía", *LN* 26-XI-1949, pp. 1-2; José Mosquera Pérez, "La casa de Rosalía fue adquirida por dos santiagueses", *LN* 26-VII-1949, etc.

(25) Galaxia, Vigo, 1952.

(26) Julieta Gómez Paz, "Rubén Darío y Rosalía de Castro", *Asomante* 22 (1966), pp. 44-49.

(27) R. Carballo Calero, "Alomear en Rosalía", *CEG* 21 (1966), pp. 258-262.

(28) Gumersindo Placer, "El alma de Rosalía Castro", *Estudios* 22 (1966), pp. 53-79.

(29) Anónimo, "Rosalía de Castro en inglés", *Grial* 4 (1966), pp. 231-232; Demetrios Basdekis, "Unamuno y Rosalía", *Grial* 4 (1966), pp. 83-85; José Luz León, "A cantora do Sar", *Grial* 4 (1966), pp. 512-513.

(30) Eliana Suárez Rivero, "Machado y Rosalía: dos almas gemelas", *Hispania* 49 (1966), pp. 748-754.

(31) José Luis Varela, "Rosalía y sus límites", *Revista de Literatura* 30 (1966), pp. 63-72.

Está claro, xa que logo, que dende entón débese falar da investigación rosaliana como angueira normal, en España e no estranxeiro, e nun repaso tan breve como este que vou facendo resulta máis lóxico lembra-los grandes fitos da bibliografía, entre os cales poderíamos sobrancea-lo capítulo IV da *Historia da literatura galega contemporánea I* de Ricardo Carballo Calero en 1962 (32), *Rosalía de Castro* de Javier Costa Clavell en 1967 (33), *Manner and Mood in Rosalía de Castro. A Study of Themes and Styles* de Kathleen K. Kulp en 1968 (34), os capítulos rosalianos de *Sobre lingua e literatura galega* de Ricardo Carballo Calero en 1971 (35), *Rosalía de Castro* de Xesús Alonso Montero en 1972 (36), *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* de Ricardo Carballo Calero en 1972 (37), *Con Rosalía de Castro no seu fogar / Con Rosalía de Castro en su hogar* de Xosé Filgueira Valverde en 1974 (38), *La poesía de Rosalía de Castro* de Marina Mayoral en 1974 (39), *Rosalía de Castro y su obra* de Claude Henri Poullain en 1974 (40), *Presencia de Rosalía* de varios autores en 1975 (41), *Estudos rosalianos* de Ricardo Carballo Calero en 1979 (42), *Rosalía de Castro y la condición femenina* de Matilde Albert Robatto en 1981 (43), etc.

## II. Bibliografías rosalianas

Só dúas verbas tocante ás bibliografías rosalianas, nun aneiro de axeitarme ó prazo dos vinte minutos que nos foi marcado.

Existen bibliografías de Rosalía, é certo, pero coa restrinxida utilidade que lles confire o denominador, común a case todas, de non seren críticas, senón unha enumeración de títulos e datas. Algo é algo, mais non chega, cando vemos que a propósito de Rosalía tense publicado arredor dun milleiro de títulos. Lembremos algunhas.

Fonte bibliográfica básica é, sen dúbida, a *Bibliografía de Galicia*, tan benemérita e ambiciosa, que aparece periodicamente en *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Co-

---

(32) Galaxia, Vigo, 1962; o cap. Rosalía de Castro, verdadeira monografía, en pp. 139-228, con bibliografía en pp. 529-533.

(33) Plaza y Janés, Barcelona, 1967, 230 pp.

(34) Ediciones José Porrúa Turanzas, Madrid, 1968, 417 pp.

(35) Editorial Galaxia, Vigo, 1971; interesan para Rosalía: "Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía", pp. 9-78; "Negra sombra", pp. 79-84; "Alomear" en Rosalía", pp. 236-242; "O sufixo -bile en Rosalía de Castro", pp. 243-254.

(36) Ediciones Júcar, Madrid, 1972, 213 pp.

(37) Universidad, Santiago de Compostela, 1972, 74 pp.

(38) Patronato Rosalía de Castro, Vigo, 1974, 111 pp. en galego + 99 pp. en castelán.

(39) Editorial Gredos, Madrid, 1974, 595 pp.

(40) Editora Nacional, Madrid, 1974, 261 pp. Libro idéntico a *Rosalía Castro de Murguía y su obra literaria (1836-1885)*, do que soamente se diferencia polo título e a coberta.

(41) Artes Gráficas Galicia, Vigo, 1975, 120 pp.

(42) *Estudos rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*, Editorial Galaxia, Vigo, 207 pp.

(43) Ediciones Partenón, Madrid, 1981, 143 pp.



mo é sabido, non é crítica, mais resulta un auxiliar indispensable para quen se achega ó problema bibliográfico. Reciba a nosa eterna gratitude, que chegaría ó infinito se-nón estivese sementada de erros.

Moi útiles son tamén, mesmo na súa lóxica limitación, as bibliografías que adoitan conte-las edicións e os estudos xerais de Rosalía. Lembremo-la da edición de Victoriano García Martí en Aguilar (44), ou a de Xesús Alonso Montero na recentísima edición de Sálvora (45), así como as incluídas na *Historia da literatura galega contemporánea* de Carballo (46), en *Rosalía de Castro* de Alonso Montero (47), en *Con Rosalía de Castro no seu fogar* de Filgueira (48), en *La poesía de Rosalía de Castro* de Mayoral (49), en *Rosalía Castro de Murguía y su obra literaria* de Poullain (50), etc. Todas elas, nembargantes, non deixan de seren unha lista, por veces selectiva, de títulos de libros e artigos, indicativa desde logo, mais escasamente orientativa.

Non quero esquecer tampouco dúas interesantes bibliografías concretas. A primeira áchase no catálogo *Cen anos de literatura galega*, publicado por Jesús Alonso Montero e Epifanio Ramos de Castro, reseñando os libros expostos no Círculo de las Artes de Lugo co gallo do Centenario da publicación de *Cantares gallegos* (51). A parte de Rosalía contén 165 entradas, número elevado se pensamos na data, e polo tanto útil, así como polo feito de apareceren os traballos agrupados nos seguintes apartados: Precusores, fontes, obras, escolmas, Rosalía traductora, Rosalía traducida, Rosalía e a música, Rosalía e a ensinanza, bibliografía española, bibliografía estranxeira, bibliografía no centenario do nacemento (1937), bibliografía no centenario de Cantares gallegos (1963), poemas sobre Rosalía, familia de Rosalía, varia (52).

A segunda é a "Guía bibliográfica" publicada en data recente por Antonio Odriozola (53), ricaz por riba de todo por ter recollido, en verbas do autor, "todas las ediciones independientes de sus obras, con especial cuidado de no omitir las más recientes", así coma os principais libros verbo da nosa autora, amén dos traballos de tema rosaliano publicados nas Revistas *Cuadernos de Estudios Gallegos* e *Grial*. Hai que destaca-la seriedade da obra, que omite títulos inventados e moitas das incongruencias transmitidas de bibliografía en bibliografía, ademáis da exactitude e coidado postos na redacción das papeletas.

Para rematar, dous estudos bibliográficos, non exactamente bibliografías, que merecen unha análise. O primeiro na data é o traballo de Alberto Machado da Rosa,

(44) Editorial Aguilar, Madrid, 1977 (7ª ed.), pp. CCXXXI-CCL.

(45) Rosalía de Castro, *Obras completas*, Tomo I, cronoloxía e bibliografía por Xesús Alonso Montero, Edicións Sálvora, Santiago de Compostela, 1984, pp. 15-21.

(46) Na edición de Galaxia, Vigo, 1962, pp. 529-533; sensiblemente enriquecida na 2ª ed., pp. 794-798.

(47) *Op. cit.*, pp. 197-203.

(48) *Op. cit.*, pp. 83-99.

(49) *Op. cit.*, pp. 587-591.

(50) *Op. cit.*, pp. 253-259.

(51) Círculo de las Artes, Lugo, 1963.

(52) *Op. cit.*, pp. 39-43.

(53) "Rosalía de Castro. Guía bibliográfica", *Nuevo Hispanismo* 1 (1982), pp. 259-287.

“Rosalía de Castro, poeta incomprendido”, publicado en 1954 (54); suscitou tan grandes polémicas, que non podo agora entrar na consideración de detalle que precisa.

O segundo son as soamente nove páxinas do recentísimo artigo de Catherine Davies, “Rosalía de Castro, Criticism 1950-1980: the Need for a New Approach” (55), unha moi boa revisión da investigación rosaliana de 1950 a 1980 que, non obstante a súa brevidade, contén varias leccións, e debería lelo todo o mundo antes de poñerse a investigar na temática rosaliana.

### III. Rosalía nos xornais

Tentaremos dar cumprimento ó noso programa, sinalando algúns dos problemas dos artigos a propósito de Rosalía nos xornais; emporiso, queremos facer unha referencia ó apartado que tiñamos programado antes: o dos erros nas bibliografías de Rosalía. Soamente dúas cousiñas: compre dúbida decote da bibliografía non consultada por un mesmo. A investigación rosaliana está chea de erros bibliográficos, incongruencias, títulos deformados, datas cambiadas, traballos que endexamais foron publicados, mesmo entradas ficticias.

En canto ós xornais, pódese dicir que os artigos de tema rosaliano publicados neles son o maior tormento do investigador, tendo conta da enorme dificultade para conseguilos. Así e todo, o bo coñecedor do tema sabe que, inda que é certo que un número moi importante de traballos desta clase son puro tópico, cunha finalidade divulgativa do máis trivial, hai nembargantes moitos que supuxeron e supoñen unha aportación importante á investigación. Por esto, saudamos con relouco ó recibirmos a Circular 3 deste Congreso, a noticia de comunicacións para revisar este tema, como é a de Almuíña Fernández sobre “Rosalía de Castro vista por la prensa vallisoletana”, e quizais a de Emilia de Zulueta sobre “Rosalía en Buenos Aires”... Ninguén pódese imaxinar-lo traballo, centos de veces perdido, que padecemos para obter copias de artigos aparecidos en xornais. E o certo, insisto, é que moitos de entre eles merecen a pena: por exemplo, sería unha estupenda achega ós traballos de bibliografía rosaliana o recopilar tódolos artigos que se atopan no extinto xornal *La Noche* desta cidade de Santiago, e publicalos nun volume. A cousa sería fácil, e sen dúbida moi útil. Aí deixo a idea, santiagueses: se alguén quixera collela, témosllo de agradecer moito.

### IV. A ameaza bibliográfica do centenario

Tan só dúas verbas máis, para rematar de vez. É moitísimo o que imos publicar este ano a propósito de Rosalía, co gallo do Centenario do pasamento. Calquera cousa que se escriba este ano, mesmo o mero tópico, valerá a pena. A mesma lista

---

(54) *Revista Hispánica Moderna* 20 (1954), pp. 181-223.

(55) *BHS* 61 (1983), pp. 211-220.

das comunicacións a este Congreso sobre Rosalía e o seu tempo, amén da categoría dos participantes, entre os cales se atopan as grandes figuras do rosalianismo científico, fan supor que este vai ser un ano irrepetible na investigación tocante á nosa autora. Albíscase un duro traballo: o de separar nos centos de artigos que encherán os xornais e as revistas aquilo que sexa tópico e xa dito de novo e orixinal. Un galeguista, Mauro Armiño, xa quixo avisarnos, escribindo con verbas duras e amargurentas: “Este año correrá mucha tinta en vano en nombre rosaliano, se gastarán toneladas de papel para vaciedades huera y elogios académicos que nada aportarán, salvo a la vanidad de sus escribientes; se repetirán hasta la saciedad tópicos y palabras vacías (...) Con mucho menos gasto se le haría mejor servicio publicando esas carpetas de Bouza” (56).

Non quixera eu ser tan pesimista como Armiño, aunque podo admitir que non lle falta razón en moitas das cousas que di, nin comparto a súa idea de que os cen anos que van dende a morte de Rosalía deica hoxe non serviron para nada. Pero si é certo que queda moito que estudar no mundo do rosalianismo, no aspecto biográfico, literario e de edición, e sobra xa de abondo a reiteración de tropicazos e de lugares máis que tripados, para logo quedarse un tan pancho e ditoso por verse nun xornal ou nunha revista.

---

(56) Mauro Armiño, “Rosalía: Cien años para nada”, *La Voz de Galicia* (Cuadernos de Cultura), 21-II-1985, p. 1.